



A Coruña, a 31 de marzo de 2023.

**Resolución do Xuíz Único da Federación Galega de Natación**

**ASUNTO: ACTA N°31 TEMP 2022-23.**

**Equipos participantes: C. W. Pontevedra- C.W.C. Rías Altas.**

**Competición: Liga Galega Waterpolo División Honra Masculina.**

**Data de celebración: 25/03/2023.**

**FEITOS**

. O día 28 de marzo foi remitido pola Secretaria da FEGAN a este Xuíz acta e anexo adxunto asinado polos arbitros do encontro no que se recolle:

*"En el 6'00'' del 4º periodo, se expulsa definitivamente al jugador del equipo visitante, D. I. Márquez Fernández con nº de licencia 1017594, por hacer un gesto con el dedo corazón (corte de manga) desde el banquillo hacia un jugador rival..."*

*Al finalizar el encuentro los tres jugadores se disculpan con los colegiados."*

- O día 28 de marzo deuse trámite de audiencia aos interesados polo prazo de dous días hábiles inmediatamente seguintes á comisión dos feitos (art.22.2 Libro III Rex Discipl. FEGAN), sen que ningunha alegación fora presentada dentro do citado prazo.

**CONSIDERANDO**

- Que a redacción da acta arbitral goza dunha presunción de veracidade "iuris tantum" que non foi desvirtuada.
- Debemos analizar o xesto realizado, levantando o dedo corazón dende o banquillo cara un xogador rival, sen que podamos coñecer a quen foi dirixido, sendo así que o certo e que semella mais un xesto coloquialmente coñecido como "peineta" dirixido non se sabe a quen. Polo tanto, se ben feitos que motivan a expulsión se ben "rozan" a infracción grave, entendemos que dado que non se recolle a quen concretamente dirixiu o xesto, pode ser unha incorrección co equipo rival e polo tanto debemos encaixalo como unha infracción leve (art. 7. I.1.b) "*lixreira incorrección co público, compañeiros, subordinados e deportistas do equipo rival.*".
- Que o xogador pediu desculpas ao finalizar o encontro o cal supón unha atenuante de arrepentimento espontáneo do artigo 11 a) a cal debe ser aplicada ao graduar a sanción a impoñer que, segundo o art. 9 III, vai da amoestación a suspensión de un a tres encontros.
- Dado que o máximo son 3 encontros e o mínimo a amoestación entendemos que aplicando a atenuante debe sancionarse con un encontro de suspensión.

**RESOLVE**

- Sancionar a I. Márquez Fernández con número de licenza 1017594 xogador do C.W.C. Rías Altas cat. División de Honra Masculina cun encontro de suspensión nesta categoría (art. 9.III.b).

Vista a presente resolución, esta será de aplicación inmediata independentemente da posibilidade de interpoñer recurso contra a mesma ante o Comité de Apelación, no prazo de dez días a partir da recepción da presente.

D. Miguel Dios Blanco  
Comité de Competición da FEGAN